

CONFESIÓN DE DON MANOEL

Dicía o poeta Rainer Maria Rilke que a verdadeira patria do home é a súa infancia. Veño eu en argallar que a Rilke ocorréuselle a frase porque tampouco se sentía de ningunha patria concreta. Nacido en Praga, cidade do reino de Bohemia integrado ata 1918 no Imperio Austrohúngaro, no seo dunha familia de orixe xudía que se convertera ao cristianismo para eludir o antisemitismo; poeta checo que escribiu a práctica totalidade da súa obra en alemán aínda que facía as dedicatorias en francés, idioma no que se sentía especialmente a gusto; rodeado sempre de mulleres pero amante da soidade, esa árbore cuxo froito é obra de arte, viaxeiro impenitente que en todas partes estaba ben pero en ningures atopaba acougo, nin na súa morte¹ atopou sosego.

E teño por certo que así é: a verdadeira patria ou matria –que os galegos en xeral, e eu en particular, somos moito máis de nais que de pais–, é a infancia. Ese é tamén o meu caso: a miña matria non é a cidade do norte na que nacín, nin a cidade do sur na que vivo. É a pequena vila mariñeira que un día tivo concello de seu e alfolíes, a miña querida Bouzas.

Xudeu, non son. Cristián fun; dos de misa e comunión diaria, rosario e exercicios espirituais, coma é de uso cotián nos alumnos dos xesuítas; e ateo na actualidade, froito do sementado pola propia educación e resultado manía de pensar de forma autónoma.

Poeta, pouca cousa. Os poemas íntimos que escribín para a miña rapaza ao longo de cinco anos de noivado, uns 1.500 nun cálculo rápido, e dez ou doce de alento social, iniciados nos meus anos novos e corrixidos cando algún amigo me pide participar nalgún recital de poesía.

Austrohúngaro, si, polo menos en certa medida, pola miña devoción por Nikola Tesla, Mahler, Bruckner, Schönberg, Alban Berg, Zoltán Kodály e Béla Bartók; Franz Kafka e Stefan Zweig; Klimt, Kokoschka e Egon Schiele. E, claro está!, por Sigmund Freud.

Fai uns anos, albiscando no horizonte a gadaña da crise pedín e obtiven a xubilación anticipada na empresa de material eléctrico de cuxa Delegación en Vigo era apoderado, para poder dedicarme con mais entusiasmo, se cabe, a miña vocación docente. Mal sabía eu que a crise alcanzaría tamén a Universidade e que ao chegar aos sesenta e cinco anos tería que deixar tamén esta ocupación de profesor asociado.

As moitas horas sentado preparando o libro que sería a miña despedida da ensinanza da enxeñería eléctrica, e a miña boa disposición á gastronomía, propiciaron que o meu bandullo medrara de xeito alarmante, polo que a miña querida esposa, sempre vixiante da miña saúde e, por qué non, da miña estética, obrigoume a saír polas mañás a dar largas camiñadas. Sexa a xeografía da miña cidade, ou querenza coma a dos bois, os paseos remataban inevitablemente en Bouzas. A cousa é que a hora, a canseira e a sede pedían un respiro, a poder ser nunha cafetería, ou, moito mellor aínda, nunha taberna desas que engádenlle ao viño unha tapa de cociña.

O certo é que probei en máis dunha. Ata que un venturoso día din con unha que me encheu o ollo: bo viño, boas tapas, cociña e baños inmaculados, e clientela tranquila,

¹ Rilke morreu de leucemia, tras una longa e dolorosa agonía, no sanatorio suízo de Valmont, aínda que a tradición romántica asegura que foi da infección causada pola ferida que lle fixera a espiña dunha rosa.

maioritariamente de xubilados de oficios diversos, entre eles un vello mariñeiro de rostro traballado por mil ventos mareiros, que me chamou fortemente a atención.

Cando un vai a un destes sitios varias veces nun espazo de tempo pequeno, raro é que non lle dean palique, así que de contado a conversa coa parroquia pasou a formar parte das delicias da paradiña no paseo.

Nunha destas, non recordo moi ben a conto de que, saíu na conversa que eu vivira de neno en Bouzas. Entón o vello mariñeiro cuxo rostro me chamara a atención dirixiuse a min coa frase introdutoria que me serviu despois para darlle nome:

–Mire que lle digo! É vostede, por un casual, o fillo de don Manuel, o director do Hispano?

E nesa pregunta comezou todo. Os relatos, as confidencias, as reflexións, a nosa amizade, e este libro que tes nas mans.

Vigo, novembro do 2017

*